

CÓDIGO DE CONDUCTA

Artigo 1. Obxecto.

O presente código ten por obxecto establecer os principios e normas de conduta que deben respectar as persoas que en cada momento formen parte da Xunta de Goberno, grupos de traballo, traballadoras/es e calquera outra persoa que actúe en representación do Ceesg.

Artigo 2. Principios básicos.

Atenderase á defensa dos intereses do Ceesg, e evítanse situacións que poidan dar orixe a conflitos entre os intereses persoais e os da profesión. Cando o persoal suxeito teña coñecemento ou sospeita de que existe unha situación que xere ou poida xerar un conflito de intereses deberá informar á Xunta de Goberno.

As persoas afectadas por este código adecuarán a súa actividade aos seguintes principios:

- **Principio de independencia:**

O Ceesg exerce as súas funcións con plena transparencia, autonomía e independencia de calquera formación política, crenza relixiosa ou grupo de presión. As persoas afectadas polo presente Código poden participar ou vincularse libremente a cantas formacións políticas ou confesións considere, sempre que sexa a título estritamente persoal e que para iso non faga uso do nome e dos recursos do Ceesg.

- **Principio de obxectividade:**

Non se aceptará, ofrecerá, recibirá nin solicitará agasallos, comisións, retribucións ou atencións, nin ningunha outra clase de favor por parte de persoa física ou xurídica algunha coa que se pretenda manter ou manteña relación ou vínculo. Todo iso co fin de evitar que a obxectividade e honestidade de devanditas relacións poidan verse, directa ou indirectamente, influídas ou afectadas. Agás cando se entreguen ou reciban en virtude do uso social de cortesía xeralmente aceptado, teñan un valor simbólico ou economicamente irrelevante.

En caso de conflito de interese:

- actuarase sempre en defensa do interese do Ceesg e da profesión, aínda cando poida ir en contra de intereses persoais.
- a persoa implicada absterase de intervir e votar na toma de decisións cando poida ter calquera interese persoal ou profesional.

Debe entenderse por conflito de interese a situación na que o interese persoal é contrario ou entra en colisión cos propios da institución, interfieren no recto cumprimento dos seus deberes e responsabilidades profesionais ou as/os involucran a título persoal nalgunha transacción ou operación. Debe entenderse por interese persoal ou profesional toda vantaxe para si mesma/o, as súas familias, coñecidas/os amizades, clientes ou socias/os.

- **Principio de confidencialidade:**

Deberase tratar con sumo coidado a información persoal e privada das persoas con quen se manteñan relacións como consecuencia do desenvolvemento das actividades e funcións que lle son propias, garantindo o dereito á intimidade e protexendo os datos de carácter persoal. A actuación das persoas afectadas por este código deberá orientarse a:

- Non divulgar información que poida danar a imaxe e reputación do Ceesg.
- Gardar segredo sobre datos e informacións ás que se teña acceso polo desempeño da súa actividade, aínda que non estea explicitamente indicado o deber de non revelalas.
- Respetar de xeito escrupuloso a normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal aplicando as medidas de seguridade que en cada caso resulten pertinentes.
- Non utilizar nunca a información privada ou persoal á que se teña acceso como consecuencia do exercicio de funcións propias para beneficio persoal.
- Non divulgar nin contribuír a difundir rumores sobre o persoal suxeito ao presente Código, nin realizar ou promulgar comentarios infundados sobre a marcha da Corporación.

O deber de confidencialidade mantense despois do cese no cargo ou posto.

- **Principio de dilixencia:**

As persoas afectadas polo presente documento perseguirán sempre a obtención dos mellores resultados, coa maior eficacia e co menor custo posible, seguindo

sempre as pautas recibidas e aquelas que, segundo a súa respectiva formación, resulten en cada caso pertinentes.

Artigo 3. Declaracións públicas.

As persoas afectadas por este Código han ser especialmente coidadosas nas súas intervencións públicas, con independencia do medio ou contorna na que se produzan (prensa escrita, redes sociais, conferencias, etc.), sempre que actúen en nome do Ceesg, proxecten os intereses do mesmo ou fagan uso dos seus recursos, activos ou instalacións.

Caracterizaranse pola defensa dos servizos sociais públicos, de balde, laicos, universais e de calidade, implementando unha visión feminista nas súas actuacións e posicionamentos. Todas as súas comunicacións en representación do colexio serán en galego, en consonancia co compromiso do Ceesg coa lingua e a cultura galegas.

As persoas suxeitas ao presente Código rexeitarán calquera conduta ofensiva, ameazante, de acoso sexual, abuso de autoridade, discriminación, difamación ou calquera outra forma de agresión física, moral ou psicolóxica.

Artigo 4. Dedicación.

Cando se actúe en representación do Ceesg ha de prestarse a dedicación necesaria, preparando adecuadamente posibles presentacións, entrevistas, declaracións públicas, etc., así como preparar as reunións ás que se lles convoque (tanto internas coma con outros organismos e institucións).

Deberán coñecer e cumprir as normas aplicables á súa participación no Ceesg, segundo a súa condición.

Artigo 5. Imaxe.

O Colexio considera a súa imaxe corporativa como un activo fundamental. Por iso, deberase vixiar calquera uso dos logos e marcas do Ceesg. Igualmente velarase por que o uso que dos mesmos fagan terceiras partes vaia sempre precedido da debida autorización, todo iso co fin de preservar a confianza das colexiadas e colexiados e non prexudicar a reputación institucional do Colexio.

Artigo 6. Entrada en vigor.

O presente código entrará en vigor no momento de aprobación pola Xunta de Goberno.

Artigo 7. Difusión.

As persoas afectadas por este código teñen a obriga de coñecelo e cumprilo. A tal efecto entregaráselles copia do mesmo no momento da súa aprobación, así como a toda persoa que a partir de entón acceda ao cargo ou funcións polas cales poidan exercer representación do Ceesg.

Artigo 8. Incumprimento.

O incumprimento deste código analizarase de acordo cos Estatutos, procedementos e políticas internas e disposicións legais vixentes, aplicando, en cada caso, as accións que resulten procedentes de conformidade co establecido na normativa que resulte de aplicación.

Aprobado pola Xunta de Goberno do Ceesg, a 6 de xullo de 2023.